

Parlamento de Galicia e COGAMI colaborarán na inserción laboral de persoas con discapacidade

- **Os presidentes da Cámara Lexislativa e de COGAMI asinaron un convenio de colaboración para a realización de actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral de persoas con discapacidade na Administración parlamentaria**
- **O Parlamento acolleu o pasado sábado o primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier reservada para persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual**

Santiago, 12 de marzo de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, e maillo presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) Anxo Queiruga, asinaron este mediodía un protocolo de colaboración para a realización de actividades de asesoramento e apoio á inserción laboral de persoas con discapacidade na Administración parlamentaria.

En virtude deste acordo, COGAMI colaborará co Parlamento en actividades encamiñadas á adaptación e desenvolvemento das funcións das persoas con discapacidade que puideran prestar servizo na Cámara galega, ben como traballadores/as ou como persoal en prácticas e/ou formación.

Estas medidas poderán incluír a realización de cursos de formación, apoio na inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo, seguimento do desempeño da actividade laboral ou a realización de talleres prácticos dirixidos ao persoal que realice funcións de referencia no entorno do posto que desempeñen persoas con discapacidade.

Aposta do Parlamento pola integración

O convenio asinado hoxe enmárcase na aposta do Parlamento de Galicia por contribuír, e dar exemplo, na integración laboral das persoas con discapacidade, máis aló dos mínimos obrigados pola normativa en vigor.

A sede do Parlamento de Galicia acolleu o pasado sábado o primeiro exercicio do proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de uxier reservada para persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual.

Ao tempo, unha das oito bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia está reservada para persoas con discapacidade intelectual.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.